

Autora: **CARMEN GIL**

Ilustradora: **REBECA LUCIANI**

Tradución: **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 21x28 cm.

40 páxinas. Ilustracións a toda cor.

Dispoñible en:

- Galego: "O sorriso de Daniela".
MareMar. ISBN 978-84-8464-634-1
- Castelán: "La sonrisa de Daniela".
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-62-8
- Catalán: "El somriure de la Daniela".
Kalandraka. ISBN 978-84-934380-3-6
- Portugués: "O sorriso de Daniela".
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-61-3

Prezo: 15 €

O SORRISO DE DANIELA

INCLUIDO NA LISTA 'THE WHITE RAVENS 2008' (BIBLIOTECA INTERNACIONAL DA XUVENTUDE, MUNICH)

Daniela saíra cedo da casa. Aquela mañá o aire ulía a festa, o ceo estaba moi azul e un sol grande e redondo dáballe os bos días dende o alto. Daniela sorriu. E o sorriso de Daniela voou e voou ata pousar no corazón de Roberta, coma un colibrí de primavera.

Un relato inzado de figuras literarias que rezuma optimismo e ledicia en cada unha das súas liñas. Daniela irradia gañas de vivir a cantos seres alicaidos se cruzan no camiño do seu sorriso voador, un sorriso que se transmite en cadea a todos os animais que protagonizan esta fábula: a hipopótama, o chimpancé, a elefanta, a avestruz e o chacal cambian os seus complexos, o seu mal humor, a súa vida monótona, a súa insensibilidade e o seu carácter belicoso por unha nova actitude ante a vida, con autoestima, agarimo, audacia, tenrura e simpatía.

Carmen Gil ofrécelles aos lectores un relato de estrutura circular, que cheo de contrastes e gran carga simbólica. Tamén se pode interpretar como un puzzle de historias unidas por un fio conductor: o sorriso de Daniela, que se contaxia dun personaxe a outro ata volver á protagonista principal logo de ter sido "colibrí en primavera, bolboreta de cores, raio de sol, chuvia de maio e un aloumiño do ar".

Dende o punto de vista estético, destaca a luz e o colorido co que Rebeca Luciani constrúe o mundo de Daniela: o detallismo das ilustracións, a orixinalidade coa que superpón os elementos de cada escea, a modo de collage, e a complicidade que establece cos lectores mediante a introducción de garabatos e pincladas infantís.

CARMEN GIL (Cádiz, 1962)

Profesora e escritora de libros infantís, realizou actividades relacionadas co teatro, os contacontos, obradoiros de danzas do mundo ou títeres. Tamén imparte charlas en Centros de Educación Primaria sobre poesía e animación á lectura para pais e



mestres no Centro Andaluz das Letras. É fundadora da Revista Dixital 'Cosicosas' e organiza recitais de poesía en colexios e bibliotecas. As súas montaxes teatrais representáronse en diversas cidades españolas e de América Latina. Entre os máis de corenta libros que ten publicados destacan "Unha pantasma con asma", publicado por KALANDRAKA

REBECA LUCIANI (Bos Aires, 1976)

Estudou debuxo e pintura no Bacharelato de Belas Artes e na Facultade de Belas Artes da U.N.L.P. Colabora coas revistas 'Caras y Caretas', 'Descubrir Cuina' e 'Tretze Vents'. Ilustrou máis dunha vintena de libros para nenos publicados por diversas editoriais, entre os que destaca "A nube de Martín" (finalista do I Premio Internacional Compostela), editado por KALANDRAKA. A súa obra foi exposta en Arxentina, España e Italia.

- **Temática:** a ledicia e a actitude positiva ante a vida
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** o valor literario do texto, abundante en figuras literarias; transmite a mensaxe de aceptarse a un mesmo
- **Aplicacións:** reflexionar sobre os estados de ánimo; as metáforas; as descripcións e os opostos

